

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº54/ Ano: 2022 / 2º xornal Mes de agosto / Estado de Festas na Illa

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## PREVIR É IMPORTANTE

Despois do incendio que tivo lugar na zona de Pereiró no ano 2020, ten Ons medios para intentar frear un incendio mentres chegan os medios externos? Páx. 1



## JAVIER PAZÓ

Patroneando o Cassandra gana o trofeo Carlos I Silgar para veleiros de época. Páx. 3

## ARQUEOLOXÍA EN ONS

No ano 1985 sacouse do mar de Melide unha enorme áncora, que despois de quedar esquecida en Curro, levouse para adornar a parte central do Campamento. Que pasou con ela?

Páx. 2



## ABRUÑOS

No mes de xullo puidemos comprobar que é un ano bo de abruños cos que se elaboraba o pacharán. Páx. 2

## NOMEAR AS CASAS

Unha gran idea do noso Varu que, despois de facer un estudo toponímico, non reparou en nomear as casas illáns, polo que tamén foi homenaxeado pola asociación veciñal. Páx. 4



## ESPECIAL

### Festas de Ons 2022

Páxs. 6 - 9



## REVISIÓN DE LAVADOIROS E FONTES

Páx. 5



## A IMPORTANCIA DE PREVIR

De novo este ano vimos de soportar unha chea de incendios por toda a xeografía galega, afectando, non só á nosa natureza, senón ás persoas e ás súas pertenzas.

En Ons, os incendios eran o pan noso de cada día nos anos 80 do s.XX. Non había prevención e menos busca de solucións a algo que sucedía un verán si e outro tamén e afectaba á Illa de punta a chicote.

Dende que Ons pasou a formar parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, coído que só houbo dous incendios e de pequena envergadura, comparados cos daquelas épocas.

Hai un retén de incendios durante o verán, comezando a partir de xullo. Realiza traballos de mantemento durante a súa estancia pero, no caso dalgún incendio, que ogallá nunca ocorra, e ata que cheguen os medios aéreos e o retén de garda externo, e máis se é de noite como ocorreu no de Fedorentos, a cousa pode complicarse senón contan con material adecuado para sufocalo nos seus inicios. Existe en Ons ese material? Esperemos que así sexa.



Incendios en Curro no ano 2009 e Fedorentos no ano 2020.



## COIDAR O MONTE NO INVERNO E NA PRIMAVERA


Nestes días vimos por televisión a desesperación das persoas cando vían que o lume, ademais de acabar co monte, achegábase a carón das súas casas e vían, por desgraza, como moitas caían pasto das lapas.

Está claro que non houbo prevención e que é necesario ter un radio preto das casas ben limpo.

En Ons, por mor do alto IBI que lles obrigan a pagar aos veciños, só usufrutúan unhas pequenas leiras a carón das casas, polo que, o monte é cousa de limpeza de Parques e son eles os que teñen que preocuparse, segundo manden os técnicos, de ter esas zonas ben limpas para, no caso dalgunha catástrofe ecolóxica como é o lume, non afecte as casas veciñais.

Trataremos ese asunto en profundidade, aínda que xa supoño a resposta, se a dan,: <Non é a nosa competencia> e meteranlle o embolado a outro organismo, normalmente ao concello de Bueu, e así estamos un ano e outro tamén.

Pero ben, cada quen ten o que se merece, se non protesta a veciñanza, fan o que queren, despois queixaranse.



## QUEN TEN QUE OCUPARSE DO MONTE EN ONS

Dende a Xunta obrigan aos propietarios de fincas, montes,..., e aos comuneiros a ter limpo o monte. A idea é plausible, pero non hai control, falta persoal.

Pero en Ons é diferente, podería facerse (e farase) unha historia sobre o tema, pero dende que colleu este negociado o Icona no 1979 nunca houbo tantos incendios en Ons, e agora, sendo Parque Nacional e despois de obrigar por decreto lei aos veciños a ser concesionarios, os terreos que non usufrutúan deberían estar limpos por Parques, pero, fano? Falaremos máis deste asunto.

## ARQUEOLOXÍA SUBMARINA

### “ÁNCORA DE MELIDE”

Non recordo o ano exacto, pero sei que foi antes do 1985 cando uns mariñeiros achegáronse á de Checho e comentaron que, co aparello de arrastre, sacaran unha áncora de grandes dimensións entre Camouco e Picamillo e como xa acabaran o día, trouxérona ata Melide para non volver a enganchala.

Eu estaba na mesa cos veciños de Ons e pregunteille onde a depositaran. Déronme unhas marcas e dixéronme que non había máis de 6 – 8 metros de profundidade. Pasados uns días achegueime, xunto a un amigo, ata Melide co meu equipo de mergullo, sen bombonas, e despois dun tempo á procura, atopeina. Marquei o sitio coas miñas marcas e, loxicamente, alí quedou.

Pasou un tempo e, no verán de 1985, achegáronse a Ons uns biólogos do CIS (Centro de Investigacións Submarinas) capitaneados por Carlos Durán e Rosina Castroviejo para a realización dun traballo científico. Entroncamos moi ben por diferentes circunstancias e nun momento da súa estada achegueinos ata onde se atopaban os restos do submarino, do Bersac, onde encallara o Cíclope e na procura da áncora.

Topárona sen problema, fotografárona e despois duns días, debido a que fora sacada do seu primitivo sitio, decidiron sacala á superficie. Con axuda do barco de Arturo Reiriz <Novo Sardiña>, que tiña grúa, subírona a bordo, trouxérona ao peirao e foi levada ata debaixo do restaurante “O que Faltaba” hoxe denominado “Pirata” á espera de buscar un sitio para quedar exposta.

Deuse a circunstancia que por eses días atopábase na Illa de vacacións o axudante de mariña de Bueu (alcumado igual que a mascota do mundial de fútbol de 1982) que non deixou movela do sitio.

Alí quedou un par de anos ata que dende o Campo de Traballo xunto coa persoa que administraba o Campamento, decidiron levala para alá e adornar o centro da explanada do recinto das tendas de campaña.

Alí estivo durante anos. Foi deteriorándose e PineirÓns pediu que se intentara tratala para evitar a súa destrución. Como sempre, a administración non fixo caso e, este ano 2022, démonos conta que desaparecera do seu sitio. A onde foi levada? Quen deu a orde de quitala? Por que non se intentou levar para o Centro de Visitantes? ....? PineirÓns pedirá explicacións á Consellería de Medio Ambiente no próximo Informe anual de 2022.

*Que pouca sensibilidade hai sobre a Historia da Illa de Ons!!!*




Arriba: O barco de Arturo Reiriz “Novo Sardiña”.  
Debaixo: A áncora depositada ao pé do restaurante “O que Faltaba”, hoxe “Pirata”.  
Debaixo, co círculo: Ano 2022 desapareceu a áncora que estaba no centro do Campamento da Xunta.  
Esquerda: Áncora no Campamento da Xunta.



## OS ABRUÑOS DE ONS

Os abruños “Prunus spinosa” son os froitos do *endrino* ou abruñeiro e temos que dicir que é un arbusto típico da Illa de Ons. Con eses froitos, algúns aunienses, elaboraban o “Pacharán”, con anís a granel traído do bar <A Navarra> de Pontevedra. Este ano hai unha boa cantidade de froitos. Como especie autóctona de Ons, hai que informar sobre eles e protexelos.






06/08/2022 14:15

## JAVIER PAZÓ

Corría o ano 1967 cando, á idade de 10 anos, ingresabamos no Instituto da Alameda de Pontevedra, Javier Pazó máis eu.

Pola proximidade alfabética dos nosos apelidos, tocounos no mesmo pupitre e de aí o motivo da nosa amizade que dura ata hoxe.

Foron uns tempos inesquecibles, pois Javier (Javichi), como uns dos fillos de D. Diego Pazó Montes, dono da única fábrica de motores de barco que había na ría de Pontevedra, posibilitou que coñecera o mundo industrial daqueles tempos, pois pasábamos, nas dúas fábricas que tiña na zona das Corbaceiras, unha boa cantidade do noso tempo.



## RELACIÓN CON ONS

A relación da familia Pazó con Ons é importantísima xa que, das súas fábricas saíu o primeiro motor que levou luz eléctrica á Illa de Ons polos anos 50 s. XX.

A partires dos anos 50 a fabricación de motores de barco nas súas fábricas fixo posible un cambio enorme no navegar das rías de Pontevedra e Vigo. A partir dos anos 60 posibilitou que os veciños de Ons máis podentes, cambiaran a dorna por barcos a motor. Na Illa, e en toda a ría de Pontevedra, D. Diego, era coñecido como “*O pai dos pobres*” polas facilidades que daba para o pago dos seus motores o que posibilitou o comezo dunha nova era na navegación nas Rías Baixas.

O primeiro barco que coñecín e que vestía no seu interior un motor Pazó, foi o barco de pasaxe “Azor”, de Pancho, co que, a mediados dos anos 70, desprazabámonos ata a Illa.

Tamén D. Diego e familia eran ben coñecidos en Ons polas súas viaxes, na época de verán, no seu iate, de nome <Pazó>, ata a Illa para degustar os pratos típicos daquela época: Tortilla de patacas cultivadas na Illa con ovos de galiñas aunienses e, como non, o prato estrela de Polbo en Caldeirada, pescado nas augas de Ons polos seu moradores, todo un pracer para os padais máis exquisitos.



### Fotos:

*Arriba esquerda:* Javier Pazó (Javichi) patroneando o Cassandra.

*Arriba primeira dereita:* D. Diego Pazo Montes, xunto ao motor que daría luz aos veciños da Illa de Ons nos anos 50 s.XX.

*Arriba segunda dereita:* O Cassandra a todo trapo, patroneado por Javichi.

*Arriba terceira dereita:* Entrega de trofeos do “Carlos I Silgar”.

*Centro:* Javichi no Cassandra.

## O CASSANDRA

Pero o motivo desta nova entrega sobre a familia Pazó, a primeira foi: (<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/07/Onstopus-07.pdf>),

non é outra que felicitar a Javichi polo seu triunfo na clase Open de veleiros de época celebrado na ría de Pontevedra a primeira fin de semana de agosto de 2022, no 22º Trofeo Carlos I Silgar, *Regata Ruta de las Islas*, co seu veleiro Cassandra.

**PARABÉNS** para Javichi e toda a súa tripulación.

O Cassandra é un Hillyard 12 tn. 36 pés (11 m.) construído no sur de Inglaterra. O casco é de caoba de Senegal, remachado en cobre e construído no 1963.

Este barco posúe unha longa e preciosa historia que sería moi interesante, xunto cunha pequena introdución sobre a familia Pazó e a súa relación coa Illa de Ons, para un artigo na revista cultural *AUNIOS* da asociación PineirÓns. Mirarei se logro sacarlle a Javichi un anaco do seu valioso tempo para que o escriba.



## ONS NA MEMORIA

Destá entrega vou aproveitar e poñer estas dúas fotos do Sr. Manuel Otero (Garulo) D.E.P., sacadas unha Semana Santa, no recuerdo o ano, pero sei que xa choveu dende aquela.

Había, como din na Illa: “*Unha marusía campal*” e dixera que con ese mar: “*Os robalos veñen a terra*”, e alá fomos con el ao Puntal de Fedorentos: Paco e Manolo Zúñiga de Baiona, máis eu.

O mar tiraba moito, pero empeñouse en que: “*Había que probar*” e púxose ao choio. De cando en vez, as ondas ghapeaban polas rochas e escapar era a única saída. Non pescou nada, pero dende logo hai que recoñecerlle o seu valor e a súa axilidade, pois co “*embarazo*” que tiña, lograr escapar do mar cando viña era todo un alarde de habilidade e destreza.

Este pasado inverno fixeron no Restaurante Acuña (Ons) unha importante reforma cun coidadoso ambiente mariñeiro e, nunha das paredes, puxeron a cana coa que O Garulo ía pescar. Na súa familia xurdiu a idea de acompañar a cana con algunha foto del pescando e recorreron a min por se tiña algunha.

Despois de escudriñar entre o mundo de fotos e diapositivas que teño, atopei estas dúas que coido reflicten as proezas de Manolo na pesca do robalo con cana.

Manolo Otero (Garulo) era unha persoa querida por uns e rexeitada por outros pero, de seguro, ninguén lle poderá quitar as súas ocorrencias, a súa naturalidade e, sobre todo, a súa valentía para enfrontarse a calquera dificultade.

## O ARTISTA E ARTESÁN “VARU CAMAGÜEI”

Recordo un día, nunha das múltiples charlas que se teñen en Ons sobre asuntos aunienses, que comentamos, en plan trouleo, que os veciños da Illa tiñan o <Efecto Vicente>: Que fas Vicente? - O que fai a xente. Por que pintas a casa así, Vicente?: Porque a pinta a xente. Por que chamas a ese electricista, Vicente?: -Porque o chama a xente. ... É dicir, que como alguén ou un veciño faga algo en Ons e guste, todos o imitan.

Pois así lle pasou a Varu. Coa súa habilidade como artista e artesán que é, un día fixo, para a casa das súas sobriñas, unha fermosa placa en madeira co nome da vivenda: “*A Pequena*”. Como lles encantou, pedíronlle e fixo outras para as vivendas lindeiras: “*A Corte das Vacas*” e “*Villa Rosa*”.

A partires de aí, xurde o <Efecto Vicente>: Por que pos unha placa na vivenda, Vicente?: Porque a pon a xente. E a estas alturas, unha boa cantidade de veciños pedíronlle unha placa para as súas respectivas vivendas.

Atopamos dúas ou tres clases de placas: As que levan só o nome ou apelido do/a seu/súa propietario/a (*Vila Rosa, Casa Manuela, Casa Patiño,...*). As que levan o nome do matrimonio propietario (*Ana e Turo, Esther e Arturo,...*). E as que levan o alcume do propietario (*Casa Pescadilla, Pepe de Miro, Casa do Serrador,...*).

E así está a cousa. A día da escritura desta nova, xa ían feitas 45 placas. Comezou facéndoas de xeito gratuíto, pero a medida que lle pedían máis e coa subida dos materiais, pediu a vontade, polo menos para sufragar gastos, e volveu a xurdir o <Efecto Vicente> Por que non lle das algo, Vicente?: Porque non llo dá a xente.

E así está a cousa, non faltará tempo para que todas as casas aunienses teñan a súa placa estilo Varu Camagüei, grazas ao <Efecto Vicente>.



# LAVADOIROS EN ONS XULLO 2022



A falla de auga nas casas aunienses obrigaba a ir ao “río” para lavar a roupa. O “río”, era calquera lugar onde houbera auga doce e, acondicionándoo, se puidera empregar para lavar. Alá polos anos 50, s. XX, a Deputación fixo unha inversión en Ons e dotou aos barrios de fontes e lavadoiros que deron un servizo imprescindible aos veciños.

## LAVADOIRO DE CAÑO

O seu estado interior, no mes de xullo 2022, é deplorable. Non entendo como este, que aínda pode ser utilizado polos veciños da zona, Parques non o ten máis coidado, tendo en conta o seu valor ecolóxico polas píntegas.



Aínda que algunha casa, barrio de Curro, tiña auga da traída (Entenza), as demais casas aunienses seguían indo ás fontes para dispoñer de auga doce para levar ás casas e lavar a roupa. Eu, afincado no barrio de Caño, vivín as esperas que a veciñanza tiña que facer para lavar e os enormes tendais de sabas que, sobre a herba, a tinxían de branco.

Os foráneos, para poder coller auga ou lavar a nosa vestimenta, tiñamos que esperar á noite.

Recordo grandes problemas nese lavadoiro por ser a única auga de uso público que había entre as zonas de Caño e Chan da Pólvora. Cando trasladaron o campismo para a Zona de Acampada de Chan, a ida a ese lavadoiro de campistas era continuo e as liortas cos veciños, con toda a súa razón, por ser utilizado como piscina ou bañeira, eran de temer.

## LAVADOIROS DE CANEXOL

Nas fotos, esquerda lavadoiro actual en usufruto. No da dereita, o primitivo sen utilizar. Coido que son dous lavadoiros que habería que buscarlle solución de uso. Coido que é un sitio de abundante auga e non sería difícil o conseguilo.

Podería animarse aos veciños á súa utilización e aforrar auga dos pozos de barrena.

Fai falla un Técnico Dinamizador no Parque que saiba aconsellar á veciñanza.



## FONTE DOS “PORREIROS”

A coñecida como “Fonte dos Porreiros” en Melide, ten unha enorme cantidade de auga que se perde diariamente.

Parques non quere arranxar o camiño cara a ela, pero tampouco busca solucións para que na Praia de Melide haxa auga doce para as persoas que decidan acudir a ese engaiolante areal.

En Ons fan falla profesionais con ganas de buscar solución aos problemas que xorden na época estival.

Esta auga, non se podería derivar para un depósito, como o da Entenza, para o seu uso na etapa estival, ou para canalizala, no caso de seca, como este verán 2022, á casas con necesidades da zona ou ao depósito principal da Illa?

## LAVADOIRO DE MELIDE

Na zona norte de Melide, nun espazo un pouco ignoto, atópase este lavadoiro.

Quizais sexa un dos poucos de Ons que non se utilizaría pola veciñanza, pero iso non quita que Parques o teña dun xeito decente e en uso, xa que, podemos comprobar que auga bota, só hai que limpar os condutos.

De seguro que un Técnico Dinamizador faría o posible para que estivera en pleno rendemento, aínda que non tivera utilización pola veciñanza.



## LAVADOIROS DE PEREIRÓ E CUCORNO

Son dous lavadoiros que presentan un bo estado de conservación e teñen un emprego moi interesante tanto para abastecer ao depósito de Entenza como para regar as fincas de Pereiró, polo que, clasificáremoslos como de bo servizo veciñal.

# ESPECIAL

## Festas de Ons 2022 (I)

### ILLA DE ONS FREGUIFESTAS 2022

#### 20 DE AGOSTO

19:00H A 22:00H - PROYECCIÓN CONTINUADA DO VÍDEO DA FREGUIFESTA 2021 NA IGREXA

22:00H - ACTUACIÓN DJ PEDRO CAMPOS

#### 21 DE AGOSTO

11:00H - PRESENTACIÓN NA IGREXA DO LIBRO "ATÉ AQUÍ PODO CONTAR. Á FALA DA ILLA DE ONS"

COA PARTICIPACIÓN DE:

- JOSÉ MANUEL DOPAZO ENTENZA - AUTOR
- FRANCISCO FERNÁNDEZ REI - MEMBRO DA RAG E CATEDRÁTICO DA USC
- ANTÓN LOPO - CHAN DA PÓLVORA EDITORA

11:30H - RUADA POR ONS CO GRUPO TRÉBEDE.  
RUADA CON MARIACHIS NOCHE DE RONDA

12:00H - HOMENAXE VECIÑAL POLAS FESTAS A:  
· ADRIÁN FERRER REBOIRAS  
· ESTRELLA PÉREZ PORTO  
· IVÁN PÉREZ OTERO  
RECOÑECIMENTO POLA POSTA EN VALOR DE ONS A:  
· MIRIAM FERRADÁNS FERRADÁS  
· TINO PARDELLAS DE BLAS "TINÓN"

12:30H - OFICIOS RELIXIOSOS NA HONRA DE SAN XAQUÍN

13:30H - BAILE E MÚSICA TRADICIONAL CO GRUPO TRÉBEDE

17:00H - ACTUACIÓN DO GRUPO CANTOMETRICS



VECIÑANZA DE ONS  
PARROQUIA DE ONS  
PARQUES NACIONALES  
ASOC. AMIGOS E AMIGAS DE ONS



Teño que comezar dicindo que, si as Festas de Ons do ano pasado, 2021, foron boas estando aínda presente o tema da Covid, este ano se superaron, esperando que para o ano que vén, como mínimo, sexan tan boas como as deste 2022.



A música popular por parte de músicos que se achegaron ata Ons para gozar das súas Festas Patronais, xa dende o xoves, non parou, e nun ambiente respectuoso co medio e marabilloso os instrumentos soaron para animar aos presentes.

#### SABADO 20 Á NOITIÑA

Seguindo o programa, que por certo se cumpriu coidadosamente, os organizadores da Freguifesta do concello de Bueu, montaron na igrexa a pantalla para a proxección do vídeo sobre as Freguifestas do ano 2021 que, entre outras cousas, estaba a presentación da película "Ons" e o paseo pola Illa dos seus protagonistas contando como fora a filmación e, como non, a merecida homenaxe que se lle fixo ás "Cantareiras de Ons".

Foto: Momento da montaxe.



## SÁBADO 20 NOITE

Comeza o baile á hora prevista, onde mestúranse veciños e visitantes nun ambiente extraordinario e dirixido polo DJ Pedro Campos.

Pedro soubo dirixir perfectamente a música para contentar a todos os asistentes e o volume era o óptimo tendo en conta que estamos nunha illa pertencente a un Parque Nacional.



A Comisión veciñal que, xunto co Concello de Bueu, organizaron estas Festas, e que participou da alegría de todos os que tivemos a sorte de estar alí.



Os veciños Pepe de Pepucho, Pepe de Miro e Carrillo, brindando xunto a Josecho, cura de Bueu e Beluso e, polo tanto, tamén da Illa de Ons.

Josecho participou moi activamente nos actos, non só relixiosos da Festa, tamén en toda a programación prestando a súa axuda para todo o que fora necesario.



## DOMINGO 21 (I)

Presentación do libro “A fala da Illa de Ons” de José Manuel Dopazo Entenza.

A presentación tivo lugar na igrexa de Ons e comezou falando o editor Antón Lopo director da editorial “Chan da Pólvora”. Resultou interesante coñecer que existe unha editorial que utiliza, como nome, un topónimo de Ons ao igual que algunhas das súas coleccións.

Logo tomou a palabra Francisco Fernández Rei membro da RAG e catedrático da Universidade de Santiago que dirixiu unhas gratas palabras para o autor e a Illa en xeral.

Xa por último, falou o escritor Manuel Dopazo que fixo un percorrido polas partes do libro.

Foi unha pena que non o trouxeran para a súa venda, polo que quedamos sen consultar máis detalladamente o seu contido que, polo que explicaron, vai ser de grande interese para coñecer máis de preto a linguaxe dos aunienses a carón do importante soporte gráfico con fotos de diferentes épocas da Illa de Ons.







### DOMINGO 21(II)

Mentres o grupo Trébede facía o seu percorrido pola zona de Curro, preparábanse os Mariachis “Noche de Ronda” para coller o relevo e facer o seu primeiro pase polo Curro e restaurantes antes dos oficios relixiosos.



### DOMINGO 21 (II)

Despois da presentación do libro de Dopazo, comeza a Ruada polo Curro do Grupo Trébede, nun primeiro intre, só o seu grupo musical, que levou a alegría a todos os presentes.



### DOMINGO 21 (II)

Son as 12 e chega a hora das homenaxes. Este ano, a carón dos veciños aunienses que traballaron a prol das Festas da Illa no tempo, tamén, por parte dos propios veciños a través da súa Asociación, fan unha homenaxe-recoñecemento a dúas persoas pola súa traxectoria a prol da Illa, da veciñanza e das súas reivindicacións históricas.

### DOMINGO 21 (II)

Tamén foron homenaxeados Miriam Ferradáns e Tinón Pardellas, polo seu amor á Illa e a súa dedicación e axuda nas reivindicacións Sociais dos aunienses e por demandar estudos sobre a Cultura Popular desta comunidade histórico-etnográfica.

**Miriam** destacou ese SENTIMENTO que os aunienses levan no máis profundo do seu corazón pola Illa que veu nacer aos seus antepasados e reivindicou os dereitos históricos dos veciños e **Tinón** subliñou que o agradecemento é mutuo e que intenta devolver á propia Illa e, en especial, aos seus veciños, todo aquilo que durante 48 anos eles lle deron a el.



### DOMINGO 21 (II)

Este ano, aínda que con algunha pequena controversia, foron homenaxeados os aunienses máis mozos que levaron adiante as Festas de Ons, tal e como se fixeron dende sempre. Foron tres: Adrián, Iván e Estrella.

Encargouse Adrián de explicar que, loxicamente, hai moitos aunienses de maior idade, algún xa falecidos, que deberían recibir esta homenaxe, e que se fará co tempo, pero quizais, este ano, pretenderon animar aos fillos e netos deses aunienses anteriores para que, non deixen que a Illa quede sen as súas Festas Patronais, tal e como se levaron a cabo durante case dous séculos, de aí a homenaxe aos mozos que no seu momento deron un primeiro paso adiante.

Esperemos que sirva para que, coa axuda da Asociación veciñal, xurda unha *Nova Comisión de Festas*. Páx. 8

### DOMINGO 21 (III)

Rematadas as homenaxes comezou a misa para, deseguido, comezar a procesión que, como é habitual, foi ata a punta do peirao e volta, acompañando ás imaxes unha boa cantidade de veciños detrás do párroco e das autoridades civís.



### DOMINGO 21 (III)

Despois da procesión veu a magnífica actuación do Grupo Trébede con música e baile tradicional tivo engaiolados a todos os asistentes, veciños e visitantes. Toda unha exhibición de música e baile popular galego.

## FESFOTONS



### DOMINGO 21 (III)

Para rematar, xa pola tarde, un fabuloso grupo musical o Grupo Cantometrics, deleitáronnos cunha Música Tradicional moi especial que, por momentos, foi seguida de baile polo numeroso público que os escoitaba.

